

Proposta de criterios para o acceso ás seguintes prazas:

1.- PEÓNS DE MEDIO AMBIENTE: 9 PRAZAS

Os candidatos, remitidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de 9 prazas de Peón de medio ambiente, deberán atoparse inscritos no Servizo Público de Emprego co código (CNO) **95121019 “Peóns de horticultura, xardinaría”**.

Requisitos mínimos de admisión:

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Ser perceptor do RISGA e atoparse inscrito no Servizo Público de Emprego, como demandante non ocupado. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formación do contrato.

No momento de levar a cabo a primeira proba (proba práctica), os candidatos deberán aportar fotocopia da documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos expostos, así como de toda aquela documentación que consideren necesaria para a valoración dos méritos.

1.1 PROCESO SELECTIVO:

FASE 1: Oposición proba práctica: A proba práctica será obrigatoria e non eliminatória e terá carácter previo á fase do concurso.

O devandita proba práctica versará sobre o manexo da máquina rozadoira manual e se puntuará de 0 a 10 puntos.

FASE 2: Concurso de méritos:

Os criterios para a avaliación dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego serán os seguintes:

1) Experiencia profesional: Acreditarase a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outra documentación que o acredite fidelisimamente.

A puntuación máxima será de 1 punto:

- 0,05 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública ou/e empresa privada, na mesma ou similar categoría.

2) Formación: A puntuación máxima será de 1 punto.

- Coñecemento da lingua galega: A puntuación máxima deste apartado será de 0,5 puntos.
 - Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 1: 0,15 puntos.
 - Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 2: 0,30 puntos.
 - Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,5 puntos.

- Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 0,5 puntos.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables.

- **Formación Complementaria:** A puntuación máxima nesta alínea será de 0,5 puntos:

Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,40 punto.
- Cursos de máis de 150 horas: 0,50 puntos.

3) Os candidatos con cargas familiares: Ata un máximo de 1 punto:

- Un membro: 0,20
- Dous membros: 0,40
- Tres membros: 0,60
- Catro membros: 1

4) Os candidatos que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 1 punto.

5) Os candidatos maiores de 45 anos: 1 punto

1.2 CUALIFICACIÓN DEFINITIVA:

No caso de empate final na puntuación entre os aspirantes, este resolverase a favor de aquel que teña maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo establecido na presente base comezando pola proba práctica. De manterse o empate desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de data 17 de xaneiro de 2018, pola que se fai público para o ano 2018 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia (DOG nº 19, de data 26 de xaneiro de 2018), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “G”.

1.3 TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

O tribunal de selección será nomeado por Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente, 1 Secretario e 3 vogais, segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que

se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público., e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

2.- AUXILIAR ADMINISTRATIVO: 2 PRAZAS

Os candidatos, remitidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de 2 prazas de Auxiliar administrativo, deberán atoparse inscritos no Servizo Público de Emprego co código (CNO) **43091029 “Empregados administrativos, en xeral”**.

Requisitos mínimos de admisión:

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Ser perceptor do RISGA e atoparse inscrito no Servizo Público de Emprego, como demandante non ocupado. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formación do contrato.
3. Estar en posesión do título de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente.

No momento de levar a cabo a primeira proba (proba práctica), os candidatos deberán aportar fotocopia da documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos expostos, así como de toda aquela documentación que consideren necesaria para a valoración dos méritos.

2.1 PROCESO SELECTIVO:

FASE 1: Oposición proba práctica: A proba práctica será obrigatoria e non eliminatória e terá carácter previo á fase do concurso.

A devandita proba versará sobre o uso dun procesador de textos e/ou folla de cálculo do paquete Office ou LibreOffice e se puntuará de 0 a 10 puntos.

FASE 2: Concurso de méritos.

Os criterios para a avaliación dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego serán os seguintes:

1) Experiencia profesional: Acreditarase a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outra documentación que acredite fidelisimamente.

A puntuación máxima será de 1 punto:

- 0,05 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración público ou/e empresa privada, na mesma ou similar categoría.

2) Formación: A puntuación máxima nesta alínea será de 1 punto:

- Coñecemento da lingua galega: A puntuación máxima deste apartado será de 0,5 puntos.
 - Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 1: 0,15 puntos.